



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso para obtención do diploma de directivos da Xunta de Galicia

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Históricos EGAP

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	150
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2008
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	SUPERIOR	EDICIÓNS:	2
RESPONSABLE:	[]				

2. DESCRICIÓNS

DESCRIPCIÓN CURSO

1.- Introducir aos empregados públicos con responsabilidades directivas e semidirectivas nas técnicas de xestión e de habilidades directivas necesarias para liderar equipos de traballo de alta dirección pública, desenvolvendo as competencias directivas e semidirectivas innovadoras (análise, interpretación, participación, proxecto, grupo de traballo e marketing interno) e aprendendo a por en marcha equipos de traballo integrados e cooperativos.

2.- Facilitar espazos de aprendizaxe e de intercambio global de experiencias entre os participantes nos cursos, e entre estes e outros grupos directivos da Administración autonómica e da Administración xeral do Estado cos que colaboren en proxectos intergubernamentais.

3.- Resolver problemas estratéxicos de cada participante, orientando a aprendizaxe cara á innovación organizativa e a gobernanza multinivel na que están inseridas as diferentes organizacións públicas que compoñen a Xunta de Galicia.

4.- Procurar unha cultura mixta de acción pública, é dicir, baseada no entendemento entre as diferentes administracións públicas (autonómica, local e universitaria) e que na súa vez non sexa allea ás iniciativas da sociedade civil que comparten actitudes privadas e públicas.

DESTINATARIOS

Serán requisitos necesarios para a realización dos cursos:

- Estar na data da convocatoria en posesión do título de licenciado ou diplomado universitario.
- Ser funcionario de carreira ou persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde dos grupos A ou B, en situación de servizo activo ou de servizos especiais en calquera das administracións públicas existentes en Galicia.
- Ter prestado un mínimo de tres anos de servizos na Administración pública ou de cinco anos no caso dos diplomados.
- Ter acreditado o coñecemento de lingua galega a nivel de perfeccionamento mediante título oficial.

Dous terzos do total das prazas convocadas (34 prazas) quedarán reservadas para o persoal da Administración autonómica que estea comprendido no ámbito de aplicación da Lei 4/1988, do 26 de maio, así como para o persoal comprendido no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro, que ocupe postos de traballo de xestión sanitaria que non teñan carácter asistencial.

Ás prazas do terzo restante (16 prazas) poderá optar o seguinte persoal:

- O restante persoal comprendido no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro.
- O persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde.

- O persoal docente ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia.
- O persoal funcionario de calquera outra das restantes administracións públicas existentes en Galicia.

No suposto de que as prazas reservadas a calquera dos grupos de persoal non chegasen a cubrirse na súa totalidade, as sobrantes engadiranse ao outro grupo.

PROGRAMA

1.- Os cursos para a obtención do diploma de directivo artículanse en torno a unha metodoloxía de innovación (MINING-ALDEBARAN) que integrará os principios e valores da dirección pública con novos modelos de xestión estratéxica e de mellora continua aplicables ás organizacións públicas (habilidades, análise estratéxica, participación, intercambio, orientación ao cidadán e calidade). Esta metodoloxía de acción-investigación, de integración, desenvolvemento e aprendizaxe, estará presente nas diferentes etapas dos cursos.

2.- O ciclo de traballo dos cursos sitúase en catro tipos de espazos:

- Un espazo troncal de aprendizaxe integrado polas experiencias do grupo de traballo que confire sentido a todas as actividades do programa e que incorpora as accións dos participantes

- Un espazo de políticas e ferramentas públicas, desde o cal se difunden aqueles coñecementos básicos para o desenvolvemento da actuación pública.

- Un espazo de habilidades e ferramentas innovadoras, ao xeito de seminarios de innovación.

- Un espazo de presente cara ao futuro no cal se mostren as tendencias de cambio ás que están sometidas as organizacións públicas, cun formato de conferencias.

3.- Os módulos desenvolveranse seguindo unha metodoloxía presencial (os xoves pola tarde e os venres pola mañá e/ou pola tarde). Os alumnos terán que utilizar un sistema e-reading (en liña), que lles permitirá acceder a un soporte documental para a lectura común e que permite os intercambios en rede, o que facilitará a intercomunicación entre os participantes e os propios grupos de traballo dos que forman parte. Ao longo dos cursos estableceranse unha serie de sesións que se desenvolverán fóra das instalacións da EGAP seguindo a liña de formación fóra da aula.

4.- A dinámica activa, flexible e altamente participativa desta edición do curso para a obtención do diploma de directivo da Xunta de Galicia implica unha clara corresponsabilidade por parte dos alumnos asistentes. Búscase así a participación activa nos contidos teóricos e prácticos (estudos de casos e dinámicas) dos módulos e a obtención dos bos resultados no proxecto final. Cada alumno ao finalizar os contidos teórico-prácticos presentará un proxecto final que deberá ser avaliado positivamente por un tribunal composto por profesores participantes no programa e avaliadores externos.

5.- Cada curso está destinado a un máximo de 25 alumnos seleccionados de acordo co procedemento e o baremo que se establece nesta convocatoria e de conformidade coa normativa reguladora para a obtención do diploma de directivo. Non obstante, os seminarios e as conferencias, así como algúns dos módulos que integran o programa, poderán ser cursados, independentemente do resto do curso, por candidatos ou interesados en xeral de acordo co que dispoñan as convocatorias específicas que para o efecto realice a EGAP.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A selección dos aspirantes será efectuada por unha comisión designada para este efecto, de conformidade co previsto no artigo 6 do Decreto 294/1992, do 10 de setembro, e constará de dúas fases:

1ª fase: valoración de méritos.

A puntuación máxima desta fase será de 7 puntos e aplicarase o seguinte baremo:

A.- Por experiencia nun posto directivo no ámbito da Administración xeral da Xunta de Galicia: 3 puntos.

As fraccións de ano traballado nun posto poderán acumularse ao tempo traballado noutro posto. As datas de referencia, para os efectos do cómputo do tempo, serán as que figuran na dilixencia de toma de posesión e cesamento. Esta experiencia deberá ser certificada polo responsable do servizo de persoal do que dependa o solicitante.

A puntuación por mes completo nun posto directivo será de 0,10 puntos.

B.- Por experiencia nun posto directivo noutros ámbitos tales como o da empresa privada: 1 punto.

Dita experiencia acreditarase mediante a presentación dunha copia compulsada do contrato laboral suscrito ou dunha certificación do acordo de nomeamento expedido polo órgano competente segundo os seus estatutos, no caso de tratarse de sociedades.

A comisión de selección poderá considerar a experiencia en postos directivos noutras entidades asimilables á empresa privada, tales como as organizacións do terceiro sector ou a administración institucional, e valorará a relevancia da entidade na que prestou servizos así como a responsabilidade do posto ocupado.

A puntuación por mes completo nun posto directivo será de 0,05 puntos.

C.- Pola posesión de cursos específicos para directivos impartidos por escolas ou institutos de Administración pública, nacionais ou estranxeiros, ou por entes privados: 0,75 puntos.

- a) Por cursos de 80 a 150 horas: 0,50 puntos.
- b) Por cursos de máis de 150 horas: 0,75 puntos.

Estes cursos deberán versar sobre algunha materia relacionada directamente co contido do curso obxecto desta convocatoria.

D.- Pola posesión do título de doutor: 0,25 puntos.

E.- Por publicacións de monografías ou artigos sobre temas relacionados coa dirección e xestión nas organizacións públicas: 0,75 puntos.

- a) Por cada monografía: 0,50 puntos.
- b) Por cada artigo: 0,15 puntos.

Só se valorarán as monografías ou artigos aparecidos en publicacións con ISBN ou ISSN que estean debidamente acreditados.

F.- Pola participación en proxectos de investigación competitivos, sendo estes recollidos nas convocatorias públicas de I + D + i da Administración xeral do Estado, das Comunidades Autónomas e da Unión Europea: 0,25 puntos.

G.- Por coñecementos de idiomas comunitarios debidamente acreditados: 1 punto.

- Por certificado de aptitude de nivel avanzado dunha lingua comunitaria: 1 punto.
- Por certificado de aptitude de nivel medio dunha lingua comunitaria: 0,50 puntos.

A valoración do certificado de aptitude de nivel avanzado dunha lingua exclúe a do certificado de nivel medio da mesma lingua. Só se valorarán os certificados de cursos de idiomas expedidos por institucións oficiais.

A comisión de selección, unha vez concluída a fase de baremación, publicará os resultados na páxina web (<http://egap.xunta.es>) e nos taboleiros de anuncios da EGAP, concederá un prazo de 3 días para presentar as reclamacións que se consideren oportunas. Á súa vez, a mencionada comisión determinará a puntuación mínima requirida para acceder á segunda fase do proceso de selección.

2ª fase: a entrevista.

A puntuación máxima será de 3 puntos. A comisión valorará as condicións intelectuais, as calidades humanas e profesionais e a capacidade de liderado e motivación dos aspirantes. Así mesmo, valorarase a defensa da memoria mencionada na base sétima da convocatoria e a súa adecuación aos requisitos do curso.

3. DATOS EDICIÓN

SANTIAGO1

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 27/03/2008 a 19/06/2008

NUM. PRAZAS: 25

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

SANTIAGO2

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 18/09/2008 a 04/12/2008

NUM. PRAZAS: 25

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE